



REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº7 - PADRÓN 2022

**Xosé Estévez**

A ascendencia vasca de  
Manuel M. Murguía

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

# A ascendencia vasca de Manuel M. Murguía

## PALABRAS CHAVE

Manuel Murguía,  
Concha Murguía Egaña,  
Oiartzun, Tolosa,  
A Coruña,  
Santiago de Compostela,  
Josefa Galarraga

## RESUMO

O estudo pretende analizar a ascendencia vasca de Manuel M. Murguía. Repasa a proxenie familiar e a traxectoria vital da súa nai, Concha Murguía Egaña, dende o seu nacemento en Oiartzun (1806) até o seu pasamento en Santiago de Compostela (1854), así como a influencia sentimental e político-ideolóxica no seu fillo. Menciona as homenaxes na memoria de Concha en Oiartzun dende o ano 2000 e a relación con Josefa Galarraga, nai do poeta Aurelio Aguirre.

## KEYWORDS

Manuel Murguía,  
Concha Murguía Egaña,  
Oiartzun, Tolosa,  
A Coruña,  
Santiago de Compostela,  
Josefa Galarraga

## ABSTRACT

The study aims to analyse the Basque ancestry of Manuel M. Murguía. It reviews the family lineage and the life events of his mother Concha Murguía Egaña from her birth in Oiartzun in 1806 until her death in Santiago de Compostela in 1854, in addition to her sentimental and politico-ideological influence over her son. It makes mention of the tributes paid to Concha's memory in Oiartzun since the year 2000 and her relationship with Josefa Galarraga, mother of the poet Aurelio Aguirre.

## I. Limiar

O 2 de febreiro do 2023 cumprirase o centenario do pasamento de Manuel Murguía, fillo da oiartzuarra Concepción Murguía Egaña. Na xuntanza do Consello de Redacción celebrada a finais de setembro do 2022, a amiga Pilar García Negro pediu que colaborara no vindeiro número da revista rosaliana *Follas Novas* cun artigo sobre a ascendencia vasca de tan ilustre persoero galego. No só aceitei gustosamente o encargo, senón que me sentín moi honrado por semellante tarefa. Por iso, quero deixar confirmado por escrito o meu fondo agradecemento á propoñente e aos demás membros do Consello de Redacción da revista por esta encomenda, que me enche de orgullo e satisfacción.

Debo recoñecer abertamente que na excelente e maxistral biografía do profesor e amigo finado Xosé Ramón Barreiro atópase ampla información sobre o tema. Só procurei afondar e subministrar información complementaria, froito das pescudas en diferentes arquivos vascos, e doar hipóteses plausibles sobre algúns enigmas non resoltos.

## II. O avoengo ilustrado dos Egaña

Manuel M. Murguía era fillo de Concha Murguía Egaña. A nai naceu en Oiartzun o 29 de xaneiro de 1806, nunha monumental casa de pedra, con capela, antigo hospital

dos peregrinos que entraban por Irún e deixaban o camiño costeiro para enfilear o interior de Guipuscoa por Astigarraga, Hernani, Andoain, Tolosa, Beasain, Segura, Zegama e o túnel de San Adrián até chegar á Terra Cha alavesa e por Vitoria-Gasteiz dirixirse cara Logroño e empalmar co camiño francés ou vía francíxena. Ao longo de moito tempo transmitiuse o erro de que nacera en Tolosa –así o afirmaba Vicente Risco na biografía de Manuel Murguía–, baseándose probablemente no dado subministrado pola partida de defunción, que a situaba nesa vila guipuscoana. A partida engadía, ademais, outro erro, pois localizaba Tolosa en Biscaia. Os mesmos errores repítense na partida de bautismo de Manuel Murguía (18-maio-1833, un día despois de nacer), non así na partida matrimonial (27-xullo-1833) (Barreiro 2012: 63-65), que sitúa correctamente o nacemento de Concha Murguía en Oiartzun, provincia de Guipúscoa, ainda que á nai de Concha aponlle o nacemento en Zumaia, “*Provincia referida de Vizcaya*”. Era moi frecuente nesa época e anteriores o nomear biscaínos a todos os vascos. En realidade, foi vivir á vila foral cando xa tiña 9 anos. Despois de varias pescudas en Tolosa, un artigo de Iñaki Querejeta deume a pista para mirar nos libros sacramentais de Oiartzun, onde felizmente atopei a partida de bautismo de Concha Murguía, asentando definitivamente o nacemento dela nesta fermosa vila, cabeceira do igualmente hermoso val, onde vivo desde 1997.

No Arquivo Histórico Diocesano de Gipuzkoa (Oyarzun, libro 12º de bautizados, fº 139 vº.) áchase a partida de nacemento de Concha Murguía, que reza deste xeito:

“El día veinte y nueve de Enero de mil ochocientos y seis yo el vicario infto. solemte. bauprize a María Concepcion Juliana Sevastiana que nació a las quatro de la mañana del mismo dia hija legítima de Dn. Domingo María de Murguia natural de Yrun y María Felipa de Egaña de Zumaia. Los Abuelos Paternos Nicolas Josef y Pasquala de Azconobieta naturales de la Universidad de Yrun y los maternos Josef y María Cruz de Lizaso de Aizarna jurisdicción de Zestona, siendo padrinos Dn. Sevastian de Oiarzabal presbítero beneficiado de esta parroquia y Dna. María Antonia de Urdinola. A quienes advertí el parentesco espiritual y su obligación de que hago fe y firmo.

Dn. Celedonio Ygnacio de Zuaznavar.”

A pétrea casa solar de nacemento, con escudo fidalgo e tres andares, é a actual Casa de Cultura do Concello de Oiartzun, que contén unha farturenta biblioteca adornada con doazóns de tres senlleiras personalidades da cultura vasca xa finadas: o crego e ex-Presidente de Euskaltzaindia (Academia da Lingua Vasca), D. Manuel Lekuona, do seu sobriño e tamén crego Juan Mari Lekuona, colega profesor da Universidade de Deusto, e Ramón Zulaika, sobriño do grande musicólogo, o capuchino Aitá Donostia.

Os avós maternos proviñan de Aizarna, poboación orixinaria da que xurdiu Zestoa ou Cestona, localidade moi coñecida por exercer algúns anos medicina nela

o escritor Pío Baroja, e por albergar un famoso balneario, frecuentado pola alta burguesía a comezos do século XX. Lluís Nicolau D'Olwer, importante intelectual fundador de Acció Catalana en 1922 e impulsor do pacto da Tiple Alianza vasco-galego-catalá en 1923, era un asiduo visitante desta institución de augas medicinais. En Aizarna existen dous caseríos: Egaña garaikoa (o de arriba), o máis antigo, e Egaña azpi (o de abaixo). Os Egaña procedían destes caseríos do mesmo nome con ilustres devanceiros, como os alcaldes de Zestoa, Martín de Egaña, en 1610, Juan de Egaña e Celaya, en 1638, e Joakin de Egaña e Corta en 1728. Mais entre os devanceiros de más sona, todos eles rexos defensores dos Fueros, salientaron Domingo Ignacio de Egaña e o seu fillo, Bernabé Antonio de Egaña, o neto de Domingo, Pedro de Egaña e tamén outros como Casimiro Javier de Egaña, Julián Demetrio Ramón de Egaña ou Francisco Manuel de Egaña.

Domingo Ignacio de Egaña, nacido en Zestoa en 1727, foi arquiveiro da Real Cámara de Castela e secretario da Deputación Foral e das Xuntas Xerais, máximos órganos de goberno da Provincia de Guipúscoa, e autor do coñecido libro *El guipuzcoano instruido*, publicado en Donostia-San Sebastián, en 1780, que recolle en ordeñación alfabetica os acordos, decretos e acontecementos más importantes acontecidos en Gipuzkoa durante uns cen anos.

O seu fillo Bernabé Antonio de Egaña sucedeu ao pai no cargo. Foi autor dun opúsculo polémico titulado *Continuación de la memoria, que sobre las Fábricas de Anclas, de Palanquetas, de Baterías de Fierro, la Fandería, y otros establecimientos de la provincia de Guipúzcoa*, impreso en Tolosa (imprenta Francisco de la Lama), 1778. Tamén escribiu *Estado general de la cantidad de fanegas de trigo, que se cogieron en cada uno de los pueblos, y uniones de Gipuzkoa en 1787*. No opúsculo Egaña amosouse un apaixonado defensor dos Fueros nun intre en que a monarquía borbónica cuestionaba cada vez con más forza o que chamaban “privilexios” forais. Alertaba os guipuscoanos contra o perigo que se escondía detrás das douradas palabras dun comisario de Madrid, Enríquez, traendo á colación as palabras dun innominado poeta:

“Guipúzcoa, yo os aviso,  
Vizcaya, yo os advierto  
Que so el Arbol de Guernica  
Y al arrimo de los texos  
Estiméis vuestra ventura  
Y apreciéis vuestro sosiego.  
Atended con reflexión  
Al apólogo de Fedro,  
En que el perro del aldeano  
No quiso ser compañero  
Del que en la ciudad vivía,

Porque registró en su cuello  
 La señal de la cadena  
 Que le tenía sujeto”

Na Colección Vargas Ponce, situada na Real Academia de Historia, figura, ademais, un manuscrito de B. Antonio, co título de *Disertación escrita por el licenciado U. Bernabé Antonio de Egaña, secretario de Juntas y Diputaciones de la provincia de Guipúzcoa, sobre los derechos de esta provincia y del Señorío de Vizcaya y cuatro villas de la costa de la mar a la pesquería del bacalao y ballenas en los puertos de Terranova, etc*, para o que se valeu das novas e razoamentos da *Disertación sobre el descubrimiento de Terranova*, que foi lida nas Xuntas Xerais da Real Sociedad Bascongada de Amigos del País, en setembro de 1772. Mais Bernabé Antonio de Egaña é máis coñecido por unha interesante e filofuerista recompilación lexislativa da Provincia, titulada *Instituciones Públicas de Guipúzcoa*, que non chegou a imprimirse no seu tempo e foi publicada pola Deputación de Gipuzkoa, en 1992, con limiar e glosas da profesora Rosa Ayerbe.

Outros persoeiros relevantes desta saga familiar foron os seguintes. Casimiro Jabier de Egaña naceu en Zestoa en 1776, estudou Dereito na Universidade de Oñati, foi catedrático de Filosofía e defensor dos Fueros. Julián Demetrio Ramón de Egaña naceu en Tolosa en 1786 e tamén se distinguiu pola defensa foral. Francisco Manuel de Egaña naceu en Zarautz en 1816, foi procurador nas Xuntas Xerais de Guipúzcoa, deputado no Congreso e rexo defensor dos Fueros xunto a Pedro de Egaña y Díaz del Carpio. Este último, fillo de Casimiro Jabier de Egaña, nacido en Vitoria en 1803 e finado en Zestoa en 1885, sería quizais o máis famoso dos Egaña, pois, ademais da rexia defensa dos Fueros no Congreso após o Convenio de Bergara de 1839, chegaría a ser ministro de Gobernación e Deputado Xeral de Álava. Co gallo da abolición foral de 1876 impulsada por Cánovas del Castillo, amosou a súa firme oposición a tal medida. Ten unha rúa dedicada en Donostia.

En resume, o avoengo materno dos Egaña salientou polas súas orixes na Guipúzcoa nuclear, ascendencia social no entorno provincial, un poder económico que lle permitiu a varios integrantes estudos superiores, o exercicio de altos cargos a nivel provincial e estatal e unha ideoloxía proclive á defensa das institucións privativas forais.

### **III. A proxenie nobre dos Murguía**

Os Murguía eran orixinarios de Astigarraga, lugar da casa solar dos señores de Murguía, que exercían dende a Idade Media o padroado da Igrexa, posuían extensos predios, cobraban rendas dos veciños, segundo consta en documentos do século XIV, e percibían portaxe no paso de Ergobia.

O primeiro señor de Murguía do que se ten constancia foi Diego López de Salcedo, que viviu no século XIII. Semella que foi fillo natural dun dos Señores de Biscaia e que ostentou os cargos de Meiriño Maior de Álava e Guipúscoa entre 1261 e 1291.

Os Señores de Murguía tiñan a súa casa-torre, probablemente construída no século XI, no emprazamento onde se sitúa actualmente o Pazo de Murguía, reconverteido en gran hotel dende 2016. En 1382, sendo señora de Murguía Navarra Martínez de Oñaz, os veciños de Astigarraga subscribiron un contrato cos señores polo que debían de prestarles unha serie de servizos e pagar uns tributos a cambio da protección e duns dereitos, recoñecidos polos segundos. Dende a Casa-Torre exercían o seu dominio sobre a bisbarra, controlando ferrarías, muíños, montes e especialmente o paso de Ergobia sobre o río Urumea, onde cobraban pontádego ás mercadorías e persoas circulantes. Cobraban aos veciños de Astigarraga diversas rendas, entre elas un porco cebado polo San Martiño (martiniega) e un carro de leña polo inverno. Exercían o padroado laico, institución moi frecuente en Guipúscoa, sobre a igrexa de Nosa Señora da Asunción, anexa ao pazo, o que comportaba privilexios: ocupar un lugar preferente nas ceremonias litúrxicas na banda da epístola, ser enterrados no interior do templo, nomear os vicarios, cobrar os décimos e asistir aos ritos desde un pequeno coro lateral elevado con entrada directa dende o pazo, que aínda hoxe existe.

O Señorío de Murguía foi unha *rara avis* no ordenamento político-xurídico de Guipúscoa dende o século XIII até o século XIX. Constituía un *couto cerrado*, unha serie de terras e fincas propiedade dos señores, que non dependían administrativamente de ningunha entidade local, senón que estaban sometidas directamente á xurisdición da “Hermandad” da Provincia.

Acerca do señorío dos Murguía hai anos elaborou un interesante estudio Ignacio Arocena, demostrando a importancia deste solar na bisbarra, próxima a San Sebastián. Deica fai poucos anos Astigarraga era un anexo do concello da capital, acadando logo a independencia de que hoxe goza, ademais de grande sona pola numerosa existencia de sidrarías, que lle dan unha renda per cápita das más altas de Guipúscoa. Os actuais propietarios do pazo dos Murguía son os Marqueses de Valdespina, que tiveron un forte protagonismo na carlistada de 1872-1876 e na actualidade xa perderon o primeiro apelido Murguía, pois teñen outro ilustre, Orbe. Manteñen o título e un cumprido arquivo con moitos documentos sobre o conflito carlista.

Na estela dos Murguía achamos un Juan Felipe de Murguía, alcalde de Astigarraga, casado con María Magdalena Lizarzaburu. Un fillo destes foi Nicolás Josep Murguía Lizarzaburu, que casou con Pasquala Antonia Azconobieta e foron vivir a Irún, onde Nicolás exercería como músico na Igrexa parroquial de Nosa Señora de Juncal, padroeira da cidade. Este matrimonio tivo tres fillos: Joaquín Tadeo, Felipe Domingo e Domingo María Joaquín Murguía Azconobieta.

O primeiro naceu en Irún o 13 de xaneiro de 1759. Foi clérigo tonsurado en 1771. Presentouse para organista na parroquia de Juncal, da que fora sacristán, pero non obtivo a praza. Marchou para Madrid co fin de formarse con Basilio Sessé e, despois, a Italia para estudar contrapunto. No ano 1788 gañou a praza de organista da catedral de Málaga, onde sería cóengo e morrería en 1836, deixando unha importante obra musical e dúas obras non musicais, unha delas de fervente carácter patriótico, co gallo da invasión napoleónica, publicada en 1809 na cidade andaluza co resonante título de *La Música considerada como uno de los medios más eficaces para excitar el patriotismo y el valor* como revela na súa obra María Ángeles Quiñones. Probablemente, Joaquín Tadeo foi o autor da misa de requiem cantada no funeral dedicado a Rosalía no ano 1981 co gallo do traslado dos seus restos a San Domingos de Bonaval, e non o pai de Concha, Domingo Murguía. Deste último non se coñecen composicións musicais relevantes.

Do segundo fillo, Felipe Domingo Murguía só se coñece a información do seu bautizo o 24 de agosto de 1760 na igrexa de Nosa Señora de Juncal.

O terceiro fillo, Domingo María Joaquín Murguía Azconobioeta foi bautizado o 18 de febreiro de 1762 na igrexa de Nosa Señora de Juncal, foi o pai de Concha e o avó do noso Murguía. Foron os padriños nada menos que o matrimonio Domingo Joseph de Olazazal, casado en segundas nupcias con Doña Teresa de Murguía, señora da casa de Murguía e marquesa de Valdespina, que finaría en 1783 aos 53 anos de idade. Domingo Murguía estudiou música co seu irmán Joaquín Tadeo e exerceu de sacristán na parroquia de Juncal. En 1782, con 20 anos, obtivo a praza de organista na parroquia de Rentería. En 1786 casou na parroquia de San Pedro de Igeldo, poboación do concello de Donostia, actualmente en proceso de desanexión, con María Felipa Egaña Lizaso, natural de Aizarna, xurisdicción de Zestoa, de cuxo matrimonio nacería Concha Murguía Egaña, nai do noso Murguía. En Rentería nacerían cinco fillos, de dous en dous anos: Joaquín María Nicolás, bautizado en 1787, José Joaquín, bautizado en 1789, Joseph Luis, que recibiu as augas bautismais en 1791, Maria Josefa, bautizada en 1793, e Pedro Ignacio bautizado en 1796.

Destes cinco fillos nados en Rentería, destacou o segundo José Joaquín, músico notable. Levouno o tío con el a Málaga, onde acadou ser nomeado segundo organista da Catedral en 1815. Casou con Ana Serrano e tivo tres fillos. Deulle desgustos dabondo ao seu tío e ao Cabido polo vestiario, non moi axeitado ao seu labor, e polo alcoholismo. Morreu en Málaga en 1848.

En 1793-1794 produciríase a Guerra da Convención, na que as tropas revolucionarias invadiron Rentería e case toda Guipúzcoa. Moitos veciños abandonaron a vila, entre eles a familia Murguía-Egaña, regresando ao rematar a contenda tras a sinatura da Paz de Basilea. Como consta no arquivo municipal, o Concello pagoulle o que lle faltaba por cobrar após a obrigada emigración.

## IV. Domingo Murguía, organista en Oiartzun

Mais en 1797 Domingo Murguía optaría á praza de organista de igrexa parroquial de San Estevo de Oiartzun, obténdoa o 17 de decembro do mesmo ano, un cargo municipal que sufragaba o Concello. Seríalle concedida como vivenda o primeiro andar do antigo Hospital de peregrinos cunha horta anexa para complementar a magra economía familiar. Era, e é, unha pétrea e monumental casa solar con capela anexa, hoxe Casa de Cultura e Biblioteca de Oiartzun.

No arquivo Municipal de Oiartzun (A.M.O.;SE-N4-L4-exped.2) áchase un longo documento coa toma de posesión da praza, as condicións que se lle impoñen e o salario a cobrar, dende logo moi superior ao que percibía en Rentería. O documento está asinado por todos os cabezas de solar oiartzuarras, veciños fijosdalgo, que tiñan representación no concello e participaban activamente nas deliberacións municipais. A ringleira dos asinantes pode ollarse no texto:

“Concesión a Domingo Ma. de Murguía da plaza de organista el 17-diciembre-1797.  
Juan de Arrieta, escribano numeral del Valle de Oyarzun.

Certifico á los Señores que el presente vieren que las condiciones bajo las cuales se confirió la plaza de organista de este dicho Valle á Don Domingo María de Murguía y los arbitrios y fondos destinados al pago de su sueldo son del tenor siguiente.

En la sala de la casa Concejal de este valle de Oyarzun a diez y siete de Diciembre de mil setecientos y noventa y siete estando juntos y congregados los Señores Don Andres de Indart Alcalde y Juez ordinario del mismo Valle, Don Bruno de Sein y el capitán Don Francisco de Zuaznabar jurados mayores, y Don José Miguel de Arbelaitz Regidor parte mayor de los cinco capitulares que componen el Consejo Justicia y Regimiento de los caballeros nobles hijos dalgo del dicho Valle, por testimonio de mi el infraescrito escribano de su ayuntamiento dixeron, que habiendo fallecido el siete del corriente el organista de la Iglesia Parroquial del dicho Valle entraron á discutir sobre la provision de esta plaza; pero tropezando á primera vista con la dificultad que no se podía esperar ningun pretendiente de la práctica y suficiencia necesarias por tan corta dotacion añal de ciento y quarenta pesos con que contribuye la renta de las primicias, y es el salario de dicha plaza, con la agregacion de cuatro quartos por cada misa cantada: pues atendiendo al precio excesivo de los primeros artículos precisos para la manutencion, no alcanza el diario que proporciona dicha dotacion á mantener con la decencia correspondiente ni aun un individuo solo deliberaron convocar ayuntamiento general de vecinos sobre este punto importante, y determinar el aumento de dicha dotacion en el modo menos gravoso que se pueda, con el objeto de lograr un músico organista que sea de la habilidad é instrucion que exigen las funciones: y efectivamente habiendo sido convocados por publicata y á son de campana segun uso y costumbre concurrieron á este ayuntamiento los vecinos hijosdalgo siguientes:

Salvador de Retegui, Salvador Vitor de Olaciregui, D. Luis de Oyarzábal, D. Francisco de Lecuona, D. Miguel Antonio Beldarrain, Manuel de Sorondo, Xavier de Arpide, Sebas-

tian de Aramendi, Joseph Antonio de Retegui, Ygnacio de Retegui, Sebastian de Michelena, Sebastian de Macuso, Juan Antonio de Olaiz, Ramon de Arbelaitz, Sebastian de Berrondo, D. Joseph Joaquin de Sein, Juan de Sein, Juan Joseph de Alzaga, Miguel Ygnacio de Olazegui, Sebastian de Michelena menor, Tomas de Oyarvide, Feliz de Arocena, Sebastian de Sarasti, Miguek Antonio de Arbelaitz, Ygnacio de Olascuaga, Marcos de Olaizola, Manuel de Sorondo menor, Andres de Oyarzabal, Joseph Ygnacio de Arbide, Baltasar de Berrondo, Pedro de Rezola, Pedro Antonio de Rezola, Damian de Oyarzabal, Juan de Berrondo, Nicolas de Olaiz, Joaquin de Rezola, Ygnacio de Aristizábal, Nicolas de Ynciarte, Joseph Ygnacio de Sistiaga, Francisco Antonio de Albistur, Joseph Antonio de Macuso, Francisco Antonio de Ribera, Martin de Arizabalo, Salvador de Yragorri, Joseph Antonio de Yragorri, José Ygnacio de Zapiain, Tomas Ygnacio de Oyarzabal y estando así juntos y congregados y leydose por mí el escribano el punto de esta combocatoria, todo el ayuntamiento de una conformidad, acordo y decreto que en atencion á ser constante quanto se ha propuesto por los señores capitulares, y á que por los precios subidos de los alimentos es indispensable fixar una dotacion de doce reales diarios para el horganista se señalen á este como desde luego señalan por su salario añal las partidas siguientes:

Dos mil y cien reales vellón sobre las rentas primiciales de dicha parroquia para que añalmente los cobre por tercios en la forma que hasta ahora se ha acostumbrado.

Trescientos reales sobre las misas cantadas que ocurrán, llevando quatro quartos en cada una tambien en la forma que hasta aqui ha llevado el organista.

Doscientos reales sobre los baptizos que sucedan en dicha Parroquia, llevando dos reales en cada uno que los debera pagar el padrino.

Sesenta reales sobre los matrimonios que se celebren en la misma Parroquia tambien a dos reales en cada uno que deberá pagar el contrayente.

Seiscientos reales sobre el derecho de contador de la Provision del vino del Valle, siendo de cargo de obligacion del organista el tomar y lleva e la cuenta y darla al proveheedor á quien desde luego para siempre se sugeta a dicha contribucion y á no valerse de otro que el dicho organista para dicha cuenta del peso. Y por afirmar este ramo, manda el ayuntamiento que ahora, y en adelante, todos los años, se ponga por condicion esta clausula en las almonedas y remates de dicha provision, pena de que omitiendola, sean responsables los Capitulares y se les exijan los seiscientos reales.

Quattro cientos y cincuenta reales sobre las tres cofradias de Sacramento de San Ysidro y San Miguel que estan fundadas en dicha Parroquia para que cada una pague al organista ciento y cincuenta reales al año y á ello sean compelidos los mayordomos.

Trescientos treinta y dos reales y medios que importa la renta añal del primer alto del Hospital de San Juan de este Valle con su huerta, que desde luego se agrega al organista para su habitacion y manda el ayuntamiento que D. Joseph Vicente de Zialceta, que la ocupa la deja libre para el dia once de noviembre del año proximo de noventa y ocho.

Y respecto á que para completar los doce reales diarios faltan trescientos treinta y siete reales y medio, y á una mera insinuacion del ayuntamiento los Señores Constituyentes del Cabildo Eclesiastico del Valle por si y por los ausentes, con su acostumbrada generosidad, por concurrir á un fin tan útil, han ofrecido ceder, y han cedido los dos pesos y medio que cada uno de los nueve beneficiados lleva por refaccion cobrable del rematante, y fiador del derecho del donativo del vino, se agregan los veinte y dos pesos y medio de esta donacion á la renta del organista para que este por si los cobre analmente.

Y componiendo estas partidas quatro mil trescientos y ochenta reales que por cada dia del año corresponden los doce reales de vellon fixa el ayuntamiento esta dotacion para el organista de esta Parroquia y abliga al Valle y sus vecinos presentes y futuros á observar, cumplir y executar esta determinacion y da poder á los Señores Capitulares, para que con previos informes, elijan un facultativo Músico, que los deseos del Valle, y le hagan escritura con expresión de las cargas y obligaciones.

Con la qual se dió fin á este Ayuntamiento.

firmaron los Señores Capitulares, y vecinos que sabian, y por su mandado yo el escribano.  
 =Antonio de Indart=Bruno de Sein=Francisco de Zuaznávar=Joseph Miguel de Arbelaitz=Luis de Oyarzábal=Francisco de Lecuona=Miguel Antonio de Beldarrain=Manuel de Sorondo=Joseph Joaquín de Sein= Salvador Victor de Olaziregui=Juan Antonio de Olaiz=Francisco Xavier de Arpide=Francisco Antonio de Albiztur=Juan Antonio de Sein=Sebastian de Michelena=Salvador de Retegui=Por mandado de sus mayordomos Ygnacio Vicente de Sarasti.

Concuerda este Documento con su original que queda en el Registro de Acuerdos del Valle el año de mil setecientos noventa y siete, fé de ello lo signo y firmo.

Juan de Arrieta".

Durante a estadía en Oiartzun, o matrimonio Murguía Egaña sería agasallado co nacemento doutros catro fillos: José Ramón, bautizado o 15 de febreiro de 1799; María Fidel Ignacia Josefa, o 15 de abril de 1801; Celedonio, o 23 de decembro de 1803 e a última, a nosa María Concepción Juliana Sebastiana, o 29 de xaneiro de 1806, nai de Manuel Murguía.

Unha prole tan numerosa tiña moitos gastos e obrigaba a facer moitas cábalas para solucionar todas as necesidades familiares e manter tanta descendencia, o que explica as continuas peticións económicas ao Concello por parte de Domingo Murguía nestes anos oiartzuarras, unha constante que se prolongaría nos tempos de residencia en Tolosa. Con anterioridade, durante a Guerra da Convención e cando aínda non se repuxeron desa contenda, aconteceu a invasión napoleónica de 1808-14, que provocou abundantes débedas nos concellos. Estes víronse agobiados para facer fronte ás cargas municipais e ao pagamento dos salarios dos funcionarios, de tal xeito que pediron créditos, venderon bens comunais e adiaron pagos, como estudaron polo miúdo Arantxa Otaegui e Isabel Mugartegui. A documentación das contas municipais, pertencentes ao Arquivo Municipal de Oiartzun, exhumadas polo amigo Xabier Alberdi Lonbide, ex-alumno e actual director do Museo Marítimo de Donostia, que amabelmente me subministrou, pon de manifesto as penurias de Domingo Murguía. Mostra dabondo é este escrito, referido o 15 de novembro 1812, onde obra unha comunicación de Domingo Murguía, solicitando o pagamento de seu soldo ao Concello de Oiartzun (E/4/4/2):

"M. N. y M. L. Valle de Oyarzun Domingo Maria de Murguía organista en la parroquial iglesia de Vuestra Señoria con todo respeto dice que a pesar de las consideraciones que tiene a las atenciones urgentes de Vuestra Señoria es tal la situacion del exponente y su

familia que por ella se ve obligado a molestar a Vuestra Señoría por lo que suplica tenga a bien (quando Vuestra Señoría no halle otro medio) el de mandar supla la fabrica y que para ello le libre en algun primiciero el de que le pague los 168 reales y 17 maravedis en vellon mitad de los 337 reales y 17 maravedis de vellon que el ilustre cabildo corresponden del ramo del donativo cuia cantidad se le esta consignado por su empleo de organista. espera de la benignidad de Vuestra Señoría este favor en que recibira merced. Oyarzun 15 de noviembre de 1812. Domingo Maria de Murguía".

## V. Traslado a Tolosa

Domingo Murguía Azconobieta xa actuara en xullo de 1810 como membro –“censor”– do tribunal de oposición para cubrir a vacante de organista de Santa María de Tolosa por morte do titular Joseph Joaquín de Echaiz, concedéndolla ao fraude franciscano José Ignacio de Larramendi. Mais en xuño de 1814 cesou este organista por abrirse novamente o convento tolosarra dos franciscanos, apóis a clausura por mor da francesada (1808-14), e Domingo Murguía solicitaría a praza de organista da Igrexa de Santa María de Tolosa, tomando posesión o 1 de xaneiro de 1815. Daquela, a vila foral de Tolosa tiña unha grande importancia, no só por ser centro dun intenso mercado comarcal -que aínda segue-, senón tamén por residir nela as institucións provinciais. Probabelmente mellorou, por tanto, as condicións económicas do contrato. En Tolosa entrou en contacto co Conde de Villafuertes, todopoderoso señor da bisbarra, a quen se vincularía politicamente.

O III conde de Villafuertes era naquela altura Don Manuel José Zavala y Acedo, (Villafranca, 1772-Alzo, 1842), nado no seu pazo de Villafranca, hoxe Ordizia, casado con Doña Escolástica Salazar, con quen se carteará, peticionario, Domingo Murguía, como consta na documentación do arquivo Zavala en Donostia. Este arquivo contén documentación de 28 pólas da familia e está situado na rúa Easo, 3º, aínda que a documentación está dixitalizada na plataforma do Goberno Vasco, Dokuklik. O grande impulsor deste arquivo e a súa dixitalización foi Luis María Zavala, con cuxa amizade me honro.

O conde de Villafuertes era un dos grandes controladores do poder local e un dos más importantes posuidores de terras, leiras, muíños, ferrarías e outros predios de Guipúscoa, con pazo en Tolosa, denominado Aramburu, hoxe rehabilitado para Casa de Cultura. Foi alcalde e xuíz ordinario de Tolosa con 19 anos, procurador da vila en varias Xuntas Xerais, Deputado Xeral adxunto en 1801, Deputado Xeral de Tanda en 1803, 1804, 1805 e 1815, Deputado Xeral de Partido en 1813, Xefe Político (1820-1823), Correxidor de Guipúscoa en 1839 e senador.

Zavala foi o prototipo de aristócrata ilustrado vasco, interesado polas posibilidades prácticas do progreso científico, aplicadas ao fomento da economía, e moi prudente en materias políticas. Non colaborou coa ocupación francesa, o que lle

valeu non ser depurado ao retirarse o invasor. Elixido deputado xeral nas Xuntas de Deva (1813), o Goberno nomeouno xefe político (gobernador civil) da provincia, encargándolle executar a transición ao novo réxime derivado da Constitución de Cádiz. Zavala intentou compatibilizar o novo sistema constitucional con elementos do antigo réxime foral, buscando un acomodo entre a “constitución nativa e orixinaria” e a nova Constitución nacional española. Emporiso, tivo que pregarse á aplicación uniformista do réxime común, que non deixaba ningún lugar para as particularidades forais.

Nomeado xefe político de Guipúscoa no Trienio Liberal (1820-23), Zavala intentou de novo salvagardar certas prerrogativas forais, sen resultado. O réxime constitucional aplicouse nas provincias vascas con rigoroso unitarismo. Coa entrada dos Cen Mil Fillos de San Luis (1823), abandonou Guipúscoa con outros liberais en retirada, refuxiándose en Ferrol e pasando a Francia. Puido volver á súa terra en 1824, áinda que, debido a reacción absolutista, foi excluído das institucións.

A partir do novo réxime liberal do *Estatuto Real* (1834), Villafuertes foi un dos creadores do fuerismo liberal, movemento que propugnaba a continuidade dos fueros vascos no novo Estado. Pretendía compaxinhar fueros e liberalismo, é dicir, manter a vella esencia fuerista e compaxinala co liberalismo, especialmente en materia económica, co fin de ampliar o mercado, suprimindo, por exemplo, as aduanas interiores. Co gallo da Primeira Carlistada (1833-1839), foi en 1837 un dos impulsores da campaña “Paz y Fueros”, que promovía no carlismo vasco e o abandono das armas e lograr un fin transaccional da guerra, sobre a base da confirmación dos fueros polo Estado liberal, apoiándose na bandeira de “Paz y Fueros”, levantada polo escribano Muñagorri (1838).

Domingo Murguía, posibelmente, xa estaba imbuído dos ideais liberais polo seu nacemento na cidade fronteiriza de Irún, núcleo moi importante, xunto a Donostia, de penetración do liberalismo de raigame francesa. Ao trasladarse a Tolosa, Domingo Murguía entrou en contacto e acolleuse ao abeiro do Conde de Villafuertes e aos círculos liberais-fueristas da vila.

No arquivo da familia Zabala consérvase algunha documentación das relacións de Domingo Murguía con esta familia, sobre todo coa Condesa, Dona Escolástica. Reaparecen de novo as necesidades económicas de Domingo Murguía, quen acode á Condesa para solucionalas. Estas penurias semellan un sino que acompañará tamén a familia Manuel Murguía-Rosalía.

O 20 de setembro de 1816, Domingo Murguía (AZ, A.29/8) pedíalle 3 fanegas de trigo para as necesidades familiares, coa promesa de devolverlas polo Nadal. A Condesa ordenou entregárlas, mais ao prezo corrente.

En setembro de 1822 obra no arquivo Zavala nova carta de petición doutras tres fanegas de trigo por parte de Domingo Murguía, onde se revela que o fillo Ramón traballaba na secretaría política do Conde e non lle pagaban. A Condesa contéstalle

de xeito brusco, advertíndolle a Murguía que “le engañan sus hijos, y como cada uno por su lado gastan como unos duques, no es extraño que Ud. se vea como se ve”. As estreiteces económicas da familia Murguía serán continuas, a xulgar por cartas posteriores, sobre todo unha de 1829, pois Domingo vivía “en extrema miseria”.

Tamén padecería Domingo Murguía outros desgustos, así mesmo relacionados coa economía, pois en xuño de 1820 denegáronlle, “por no tener la villa antecedente alguna”, 156 reais do custo da copia e porte dunha Misa a 2 coros e toda orquestra, obra do mestre de capela da catedral de Valladolid, D. Fernando Ahiquens (sic, por Haykens), compositor e mestre que exerceu o cargo na cidade castelá entre 1791 e 1818 (Apuntes inéditos de P. Elósegui).

En resumo: a familia de Manuel Murguía, tanto pola banda paterna, os Murguía, como materna, os Egaña, procedían de familias de avoengo ilustrado, mais dunhas pólás colaterais vidas a menos e con numerosa prole. Os apuros económicos e os gastos excesivos foron frecuentes, polo que algúns membros víronse na obriga de exercer oficios de criados e o mesmo pai finou pobre, acollido na casa do conde de Villafuertes.

Mais a situación política cambiaría radicalmente en 1923 coa invasión do territorio guipuscoano e a entrada dos Cen mil fillos de San Luis, dando fin ao chamado Trienio Liberal (1820-1823).

## VI. Intervalo galego en 1923 e volta a Tolosa

En 1820 produciuse o levantamento de Rafael Riego e Antonio Quiroga, da proxenie betanceira dos Quiroga, que supoñía a restauración do liberalismo despois de seis anos de hexemonía absolutista entre 1814 e 1820. Mais foi unha etapa efémera este Trienio Liberal, pois o 7 de abril de 1823 entraban en Guipúscoa as tropas francesas dos “Cen mil fillos de San Luis”, ao mando do Duque de Angulema, sobriño do rei galo Luis XVIII. Estas forzas foran enviadas pola Santa Alianza europea tras o Congreso de Verona (1822), a petición de Fernando VII co fin de restaurar o Absolutismo.

Os liberais guipuscoanos optaron pola retirada ante o avultado e poderoso exército invasor.

Por unha banda, os voluntarios nacionais liberais agrupados nun batallón guipuscoano, mandado por Ramón Zugarramurdi, no que se integrrou unha numerosa compañía tolosarra (en marzo de 1823 estaba composta por 202 voluntarios, só superada por Donosti con 203, segundo o profesor Félix Llanos) iniciaron un re-pregamento terrestre cara Cantabria e Asturias con final na Coruña. O periplo de esta expedición, nun ton dabondo ditiráblico, está relatado por un protagonista, Gracián de Urteaga. Coidamos que Domingo Murguía non iría neste continxente expedicionario por mor da súa avanzada idade, pois con 61 anos non están os ósos do corpo para aturar unha longa viaxe a pé, con macuto e fusil incluídos. Tampouco

cremos que Concha Murguía iría neste corpo expedicionario, pois era unha moza de 17 anos, se é que ambos foron a Galiza nesta andaina.

Por outra banda, o Conde de Villafuertes e o seu séquito, no que se incluía o seu fillo Ignacio, optaron pola ruta marítima, que coñecemos a través da información dada polo rico arquivo Zabala. Saíron de Tolosa o 6 de abril e despois de embarcar en Donostia chegaron a día 10 a Santander, de onde partiron o 25 cara Xixón e A Coruña, onde arribaron o 28. Entre A Coruña e Ferrol permaneceron até setembro. Após a capitulación da liberal Coruña en agosto decidiron retornar por terra, concretamente por Burgos, a Guipúscoa. A maior parte do tempo, o Conde residiu en Ferrol, na casa dun parente, de apelido Alzedo. Ao volver a Guipúscoa e decatarse do ambiente hostil existente, determinaron marchar a París, aducindo o motivo dos estudos dos fillos, Ignacio e Ladislao. Alí estaría até 1826 que regresou, cando a amnistía de 1824 e o levantamento do embargo dos seus bens imposto en 1823 lle permitiron volver con absoluto sosego.

Nin no arquivo Zabala nin nos apuntes inéditos de Pedro Elósegui atopamos alusións a presenza de Domingo Murguía e dos seus fillos en Tolosa, polo que, aínda que non haxa certeza, parece deducirse que Domingo e algún ou varios fillos/as acompañaron o conde até Galiza. O seu fillo Ramón traballaba na oficina política do Conde e outra filla Josefa era aia da Condesa, Dona Escolástica, e tampouco é descartábel que Concha exercea algún tipo de mester na casa condal.

Os primeiros datos que nos permiten evidenciar a presencia de Domingo Murguía, non de Concha, en Tolosa datan de 1826, aínda que podería ter volto en 1824 a causa da amnistía dese ano.

En novembro de 1826, Domingo Murguía queixábase ao concello de que o sacristán leigo e os acólitos negábanse a levantar os foles do órgano. O concello respondeulle que esa obriga correspondía ao organista e non a sacristía (Apuntes inéditos, P. Elósegui).

En novembro de 1828, unha información aseguraba que Domingo carecía de vista suficiente para tocar. Foi substituído polo seu fillo Pedro Ignacio, que exercía de músico na igrexa dende facía 15 anos. Pero debeuno de facer tan mal que foi desbocado para cumplir co oficio (Apuntes inéditos, P. Elósegui).

En marzo de 1829, afirmábase que o organista Murguía vivía na miseria polo atraso en cobrar o seu salario e acordaban facilitarlle 320 reais (Apuntes inéditos, P. Elósegui).

O 1 de febreiro de 1832 era nomeado Martín Lacarra como substituto do organista titular Domingo Murguía e en outubro dese mesmo ano ocupaba definitivamente o cargo de organista titular o mencionado axudante Martín Lacarra, polo que Murguía pasaba a situación de xubilación (Apuntes inéditos, P. Elósegui).

O 25 de xaneiro de 1839, “Pepa Murguía” é mencionada como asistenta ao parto dunha coñecida da Condesa, Fausta. (Archivo Zabala).

O 19 de setembro de 1842, o xenro da condesa, Miguel María de Alcibar-Jaurregui Michelena (1789-1862), escribíalle a Dona Escolástica. Miguel María estaba casado con María Dolores Zavala Salazar. A esta, na excursión acompañábaa a cuñada, Ana Pepa, e unha aia Josefa Murguía, filla de Domingo. O mesmo que o pai morou até á súa morte na casa dos Zabala. A carta contiña novas da viaxe a Alzo, poboación non moi lonxe de Tolosa, con motivo de ver o famoso xigante da localidade, que media “7 pies y 4,1/2 pulgadas de alto, medido dos veces y con cuidado por nosotros mismos. Por julio cumplió 24 años y la rareza de su desarrollo esta en que hasta los 22 no se le notaba una altura extraordinaria, y desde esa época ha crecido pie y medio, se va llenando, y no hay alimento que le satisfaga. Es un fenomeno digno de verse y describirse” (Archivo Zavala, 135). O xigante de Alzo era Miguel Joaquín Eleicegui Arteaga (1818-1861). Padecía a doenza do xigantismo. Foi paseado polas cortes europeas. Chegou a medir 2,42 de altura, 203 quilos de peso e calzaba o 63. En 2017 acadou sona e premios una película biográfica “Handia”, sobre a figura deste curioso personaxe.

Domingo Murguía finaría o 22 de marzo de 1844 “por enfermedad gangrena”, segundo recollía a partida de defunción, en extrema pobreza, acollido na casa do Conde pola magnanimitade da condesa, Dona Escolástica Salazar (Apuntes inéditos, P. Elósegui).

Segundo Ignacio Querejeta, Domingo Murguía compuxo unha Misa de Requiem, da que se sacarían copias para ser cantada no traslado dos restos de Rosalía de Castro a San Domingos de Bonaval en maio de 1891. *La Patria Gallega*, periódico santiagués da época dirixido por Manuel Murguía, corroboraba que se interpretou “la misa de requiem para voces solas y contrabajo, obra maestra y clásica de su abuelo del Señor Murguía, que fue maravillosamente interpretada por la capilla que dirigía el eminent pianista y maestro compositor Don Manuel Chaves”. Emporiso *La Gaceta de Galicia* atribuía a Misa a un “pariente” de Murguía, probabelmente o irmán organista de Málaga, Joaquín Tadeo.

Nestes anos que van de 1823 a 1833 non atopamos información que nos desvele se Concha Murguía se atopaba en Tolosa ou en Galiza, un enigma que intentaremos desvelar sen conseguilo totalmente.

## VII. A marcha a Galiza de Concha Murguía e a relación con Juan Martínez de Castro

Debullar este apartado co mínimo rigor científico require algunas apreciacións previas. Non temos ningún relato nin documento que nos proporcione novas certas da andaina de Concha Murguía entre 1823 e 1833, como apareceu en Galiza e o periplo que percorreu. Tampouco sabemos como e cando coñeceu o seu futuro marido. Só contamos cunha mínima información, ás veces contraditoria. Nin Concha nin o seu

home deixaron nada escrito sobre do tema e só o seu fillo, Manuel, que foi moi parco, amosou uns mínimos pormenores. Non sabemos exactamente as razóns destes prolongados silencios sobre da súa ascendencia paterna e materna. Podemos sospeitarlas, pero sería elucubrar en balde, o que non corresponde a un historiador honesto.

Xosé Ramón Barreiro, na súa maxistral biografía de Manuel Murguía, debulla dúas hipóteses. Nós non faremos máis que expoñelas e engadiremos humildemente algunhas leves achegas.

A primeira hipótese, que o admirado profesor e amigo X. R. Barreiro consideraba improbabel, adxudicábaa a Monterroso Devesa e a este servidor. Segundo ela, Concha acompañaría o seu pai até Galiza en 1823 e alí ficaría para sempre. Mais un texto do propio Murguía desmontaría esta teoría (Barreiro 2012: 48):

*“No en vano mi madre me llevó en sus entrañas, en los mismos días amargos en que decía adios para siempre al país en que había nacido y que no debía ver más”.*

Segundo este texto, Concha sairía grávida de Tolosa en 1833. Mais X. R. Barreiro, mellor que ninguén, coñecía o poder de fabulación, a capacidade hiperbólica e a exaltación lírica das que ás veces Murguía facía gala, ademais das artimañas que utilizou para despistar sobre as orixes e vicisitudes familiares. Como mostra vale este texto (ibidem: 56-57):

*“Siempre he creido que entrar la ajena curiosidad en los secretos de la vida de los que honraron su país con sus obras, bajo el pretexto de conocer la vida interior de los infortunados, es un pecado mortal. ¿Para qué se necesita saber lo que debe callarse cuando ni relaciona ni importa con su obra? (...). Cuando yo no quiero recordar ni mis horas de felicidad ni mis angustias, menos deseo que ni unas ni otras se hagan públicas, porque nadie tiene derecho a tanto”.*

A segunda hipótese, case tan improbabel como a primeira, segundo Barreiro, consistiría en que o boticario Juan Martínez estableceríase durante algún tempo en Tolosa ou nalgunha das vilas próximas e alí coñecería Concha Murguía. Deixouna grávida e esta viaxaría en estado a Coruña. Persoalmente investiguei no arquivo do concello de Tolosa entre os anos 1823-1833 e non atopei ningún farmacéutico, chamado Juan Martínez. Non hai certamente os documentos de impostos de contribucións industriais, pero si aparece información sobre boticarios da vila e ningún deles se chamaba Juan Martínez, o que, polo menos, resulta raro. Por outra banda, aínda resulta más estranho que Concha viaxase grávida a Coruña dende Tolosa, vistos os medios de transporte, as malas condicións das estradas e o troupeleo das dilixencias da época. É moi probabél que dese a luz antes de chegar a Beasain. Pola miña experiencia de taxista en Quiroga podo asegurar que, debido ás malas condicións das estradas cheas de fochancas nos

anos 60 do século pasado, tiven que axudar nalgún parto na rebotica dunha farmacia na Pobra de San Xiao antes de chegar ao hospital en Lugo.

Sigo pensando que a primeira hipótese é máis verosímil. Razoo a miña suposición. O porto da Coruña adquiriu unha notábel expansión na segunda metade do século XVIII e primeiro terzo do XIX. Influíron no crecemento tres factores encadeados: o establecemento dos buques-Correos Marítimos con destino a Habana, Montevideo e Bos Aires, con partida e retorno da Coruña dende 1768; a promulgación da lei de libre comercio con América en 1778 dende 13 portos peninsulares, entre eles o da Coruña; e a creación do Real Consulado de Comercio na Coruña en 1785.

Estes tres elementos orixinaron o asentamento na Coruña de importantes colonias de comerciantes foráneos, destacando entre eles os cataláns e os vascos. Estes últimos, ademais, distingúanse polo seu carácter endogámico, a articulación de redes propias clientelares e, incluso, a creación de asociacións ou congregacións con igrexa propia (-non é o caso da Coruña-), que aglutinaban aos de “nación vizcaína”, como aconteceu en Madrid, Sevilla ou Cádiz, estudiadas polo profesor e amigo Alberto Angulo.

As obras de diversos historiadores como Enrique Martínez Barreiro, Luis Alonso Álvarez, José Ángel Sánchez García e Consuelo Mariño Bobillo amosan a presencia na Coruña dunha relevante fornada de comerciantes vascos: Miguel de Goyeneche, Pedro María de Mendieta, Josep de Aperribay, José Antonio Aguirre Ariztondo, os irmáns Antonio e Juan Bautista de Larragoiti, Agustín de Elorriaga, os irmáns Pablo e Nicolás Acha, Pedro de Amunarriz, Josep Antonio de Lequerica, Tomás Arostegui, Baltasar Rubio de Ibarreta, Juan de Zubiaeta, José Ortiz de Zárate, Luis Bernardo Endaya, Agustín Elzuardi, José Ignacio Elleicegui, Arana, Ezcurdia, Ibarreta etc.

Non puido ficar Concha na Coruña como criada ou costureira na casa dalgún destes comerciantes entre 1823 e 1833?. O Conde de Villafuertes tiña parentes en Ferrol, os Alzedo. É moi posíbel que os tivese tamén na Coruña, dada a ampla parentela da familia Zavala, vinculada a relevantes clans vascos.

Sexa cal for a realidade, o certo é que Concha Murguía ficou grávida antes de casar e deu a luz o neno Manuel M. Murguía o 17 de maio de 1833, na aldea de Froxel, freguesía de Oseiro, na casa de Antonio Pan, amigo do boticario Juan Martínez, quen recoñeceu como pai a crianza no acto do bautismo ao día seguinte. Juan e Concha casarían na igrexa de San Nicolás da Coruña dous meses máis tarde, o 27 de xullo, legalizando a prole.

O matrimonio viviu na Coruña e o pai estivo confinado por ser carlista entre 1834 e 1837.

O 8 de decembro de 1835 naceu outro fillo, Francisco Nicolás, e o 7 de novembro de 1837 unha filla, Josefa Teresa.

En 1839 Juan Martínez trasladouse a vivir a Santiago, onde posuía outra farmacia. En 1842 mercaría unha casa e pasaría a vivir nela, pero sen a muller nin os fillos, polo que todo parece indicar que Concha e o marido se separaron cara 1842. Non se sabe nada dela até 1854, en que aparece vivindo na rúa das Hortas, 14, nunha pensión da que era titular un zapateiro, Juan Prado. Concha aparece rexistrada como costureira e viúva. Vivía da agulla para sobrevivir e ocultaba o verdadeiro estado civil, algo normal na época, pois supoña un estigma social que unha muller estivese separada. X. R. Barreiro (*ibidem*: 71) cita un tratadista contemporáneo, M. Bonald, que dicía:

“Toda mujer separada de su marido, aun cuando fuese por violencia y malos tratamientos debería retirarse por el resto de su vida a una sociedad religiosa (...) por el escándalo de un ser que está fuera de su sitio natural”.

Esta separación debeu de ser un trauma para o fillo Manuel Murguía, feito que sempre silenciou, e explica tamén en parte o cariño decote manifestado cara a nai, a xeito quizais de compensación póstuma ou arrepentimento por non expresarlle en vida o amor que lle profesaba.

Concha Murguía finaría de “una lesión del corazón que no le dió lugar a recibir sacramento alguno”, segundo consta na partida de defunción, o 13 de xullo de 1854, na rúa das Hortas, nº 14, non lonxe de onde viviu Isaac Díaz Pardo e un pouco máis da catedral de Santiago. O libro de defuntos, ademais de repetir o erro do seu nacemento en Tolosa de Biscaia, tamén acredita que estaba casada con Juan Martínez e que este fíxose cargo do funeral, con sete cregos, na parroquia de San Fructuoso, e do enterro no cemiterio xeral (AHDS, Fondos parroquiais, libros de defuntos da parroquia de S. Fructuoso, 1854-1888).

Non levou unha vida agradábel Concha Murguía. Nacida nun familia modesta, cun certo nivel cultural, pois ela mesma lle recitaba longas poesías ao neno Manuel posibelmente en éuscaro, emigrante ou exiliada con saudades éuscaras (*herrimina*, en éuscaro), embarazada de cabana, como din no Courel, separada matrimonial e finada de súpeto relativamente xoven, aos 48 anos, nun fogar que non era o seu, é de supoñer que soñaría con outra traxectoria vital, e co corazón viaxando polo recunchos do val nativo, como facemos decote os que non atopamos lonxe da nosa patria sublimada pola distancia.

## VIII. A influencia materna en Murguía

No catálogo da biblioteca pertencente a Murguía só se atopa un libro de autor vasco, *Sobre los fueros de Guipuzcoa*, do xesuíta andoindarra Manuel de Larramendi, finado en 1766, amigo do tamén xesuíta Luis Losada, filósofo e catedrático de Salamanca, natural de San Vitoiro, Quiroga. Nas investigacións precisas para a nosa tese de dou-

toramento, tampouco atopamos relacións de Murguía con fueristas ou nacionalistas vascos, agás unha colaboración sobre o Corpus Christi en Galicia na *Ilustración de Álava* (Tomo II-Julio-agosto-septiembre, 1886, pp. 1-12), artigo no que alude sorprendentemente con cariño a seu pai. Dirixía esta revista o fuerista e masón Fermín Herrán Tejada (Salinas de Añana, 1852-Bilbao, 1908). Nela colaboraban un elenco variado de escritores de diferente signo político-ideolóxico: fueristas como os Herrán; nacionalistas como os Apraiz; federalistas como Ricardo Becerro de Bengoa, e outros como José María Zavala, da familia dos Condes de Villafuertes. Só coñecemos vínculos do matrimonio Murguía-Rosalía durante a estadía en Madrid co biscaíño Antonio de Trueba, "Antón de los Cantares", a quen menciona Rosalía no límitar de *Cantares gallegos*. Emporiso, é ben sabido que Manuel Murguía e Rosalía tiveron relacións más intensas con eminentes persoeiros do catalanismo, cuxa análise brinca os valados deste tema.

X. R. Barreiro detallou as malas relacións que Murguía mantivo co seu pai, derivadas de seu peculiar carácter, da rebeldía xuvenil do fillo e probabelmente do comportamento cara a nai. Porén, a influencia materna vasca en Murguía el mesmo a recoñecía, no só limitada ao eido sentimental, senón tamén ao ideolóxico-político.

No ámbito afectivo traemos a colación dous textos de 1882, case coincidentes na efusión amorosa cara a nai (Barreiro 2012: 72-73). No primeiro, pertencente a un artigo publicado en la *Nación Española*, de Bos Aires, o 1 de agosto de 1882, alude ao lugar onde naceu a nai, a recitación de poemas por parte dela, ao seu afastamento do fogar e ás súas tristezas e desgrazas:

"Entre ellos [os recordos] y como primero, aquel que ilumina con su dulce rayo, la imagen triste y amorosa de mi madre. Era una noche de carnaval, en que sola, al pie de la ventana que iluminaba el reverbero de la acera opuesta, me tenía en su regazo y parecía llenar su soledad y la de la vasta sala, en que se hallaba, hablando conmigo no sé de qué cosas, y quizás pensando en los lejanos lugares en que había nacido y que no debía ver más. Pasaban por la calle las máscaras y la lluvia resonaba tristemente en las losas. Tal vez por acallar mi inquieta curiosidad, ó por disipar mis miedos, empezó a recitarme largas poesías. Era la primera vez que en mis oídos resonaban el ritmo y el consonante! Yo la oía silencioso, sus palabras penetraban en todo mi ser como una música incomprendible! Oh santa iniciación! La hora, la luz la misma emoción sentida, todo está presente en mi memoria y en mi corazón; solo la muerte podrá borrarlo.

Mi madre, hermosa como siempre y como siempre presa de las grandes tristezas que causaron su desventura y la de sus hijos, parecía envolverme con su dulcísima mirada, y llamar sobre su primogénito las bendiciones del cielo y de las musas bajo cuyo amparo parecía ponerme (...). Muchas veces he llorado su ausencia que me condenaba á vivir en una casa que no llenaba con su presencia material, la madre siempre amada, (...)".

Noutro texto, tamén inserido no mesmo periódico bonaerense *La Nación Española* (15-12-1882) e repetido en *Los Precursores* (Murguía 1976: 102) volven as mesmas emocións e sentimentos:

“No habléis de penas, ¡Oh! Vosotros los que vivís bajo el cielo de la patria y al lado de los vuestros. Porque los que, sin ser desterrados, se hallan lejos del país y de la casa que no les es dado ver más, y de los corazones que les amaron y de los besos que cuando niños les cerraban los ojos y daban sueños de ángel, esos sí, esos sí que son los más infortunados, los más profundamente heridos, los que más sienten las desolaciones que les rodean y el dolor que les llena y les hiere!”.

No tocante á influencia ideolóxica que puido ter a nai, contamos con algúns textos. Pero honradamente recoñecemos que tampouco neste terreo Murguía foi dabondo fértil e explícito. Murguía afirmaría que da nai aprendeu a amar a Galicia, vendo como ela amaba a súa patria vasca. Así o di no prólogo do seu libro *Los Precursores* (ibidem: 9-10):

“Con razón o sin ella, locura o posibilidad, desde que aliento, vive en mí un sentimiento y una aspiración que, sin dejar de ser los mismos, han ido transformando los años, la experiencia y los sucesos. A este sentimiento, a esta aspiración de toda mi vida no he faltado jamás. Le soy fiel, como en los primeros días de las esperanzas juveniles. Mi madre, que era de aquella tierra en que ni se teme ni se miente, me dio con su sangre eterno amor al país natal. [Nota a rodapé: Bien sabido es el gran amor que los vascongados profesan a su país, distinguiéndose entre todos, los guipuzcoanos, por la exaltación de este noble afecto y especial cualidad. Asentados en los límites de España, vienen a ser como el centro y el corazón de la antigua familia euskera, de la cual tienen todas las virtudes. Sobre todo una muy viva y completa preferencia por su país, por sus hombres y por sus cosas]. Duden los que quieran de las influencias maternales; yo las confieso y reconozco y proclamo como una verdad innegable. En mis horas de desaliento y tribulación aprendí a conocer que del corazón de mi madre venía aquel enérgico movimiento que me arrastraba sin vacilación ni temor a los combates y al peligro. ¡Que no en vano me dio por primera patria, aquellas vivas entrañas nacidas y criadas en tierra libre y entre hombres que jamás fueron esclavos! Es imposible que lo olvide, pues influyó de una manera decisiva en la dirección que día a mis estudios, y en las esperanzas que abrigué desde los primeros años”.

Do texto, o máis claro de Murguía neste senso, dedúcese que na inmersión nas lides galeguistas e na defensa de Galicia influíu a súa nai, que amaba a patria vasca, unha terra con identidade definida. Esta mesma idea volve reiterala, na mesma obra (ibidem: 10):

“Duden los que quieran de las influencias maternales; yo las confieso y reconozco y proclamo como una verdad innegable. En mis horas de desaliento y tribulación aprendí á conocer que del corazón de mi madre venía aquel enérgico movimiento que me arrastraba sin vacilación ni temor á los combates y al peligro”.

Á terra vasca con personalidade propia referiríase noutro texto titulado “Irlanda y Galicia” de 1881 (Durán, 1998):

“(....) Así fue, en efecto: bajo el cielo de la valerosa Vizcaya, entre aquellos que tan perfectamente conocen la fidelidad de los pueblos a las causas desgraciadas, resonaron las primeras voces y se evocaron los primeros gloriosos recuerdos. Sea ahora un hijo de Galicia, doblemente ligado a la raza afligida, porque tiene de su madre sangre euscalduna, y porque ha nacido en la vieja Brigancia, tan cara a los orígenes del pueblo irlandés, el que, renovando las antiguas memorias, diga a los sin ventura: Pues hemos tenido también vuestro calvario y nos vemos redimidos, sabed cómo ha pasado entre nosotros, y haced lo mismo. Iguales en las mismas desgracias, sean también iguales los remedios. No tenéis otros”.

## **IX. Breve coda: unha singular ligazón cos Aguirre Galarraga**

Non vou analizar polo miúdo a amizade entre Aurelio Aguirre Galarraga (Santiago, 1833-A Coruña, 1858) e o tandem Manuel Murguía-Rosalía, pois hai textos e correspondencia dabondo nos diversos tratadistas e biógrafos das tres figuras que o demostran. Pero existe unha conexión escasamente coñecida como é a más que probable amizade entre as nais de Murguía e a de Aurelio. Iso estimularía certamente a temperá amizade dos seus fillos.

Abonda como nítida manifestación desta estima o sentido poema que Rosalía lle dedicou con motivo da súa morte:

Lágrima triste en mi dolor vertida,  
perla del corazón que entre tormentas  
fue en largas horas de pesar nacida,  
en fúnebre memoria convertida  
la flor será que a tu corona enlace;  
las horas de la vida turbulentas  
ajan las flores y el laurel marchitan;  
pero lágrimas; ¡ay! que el alma esconde,  
llanto de duelo que el dolor fecunda,  
si el triste hueco de una tumba anega  
y sus húmedos hálitos inunda,  
ni sol de fuego que en Oriente nace  
seco su manantial a dejar llega  
ni en sutiles vapores le deshace;  
¡y es manantial fecundo el llanto mío  
para verter sobre un sepulcro amado  
de mil recuerdos caudaloso río!

A nai de Aurelio, María Josefa Fernanda Galarraga Echeveste, naceu en Lezo o 30 de maio de 1805. Filla de Joseph Esteban Galarraga Yriberry e María del Carmen Echeveste Echegaray pertencía a unha familia acomodada da localidade. O seu pai chegou a mercar nunha época crítica, o 3 de xullo de 1813 –nos estertores da cha-

mada guerra da Independencia, cando os exércitos anglo-hispano-portugueses e o francés se atopaban en pleno confrontamento en Guipúscoa asediando a capitalidade, o caserío Errikoetxea pola considerable cantidade de 34.000 reais de vellón. Este caserío, *baserri* en éuscaro, aínda existe e nel viviu a nai de Aurelio dende os 8 anos até marchar para Galiza en data indeterminada. Un irmán do pai, Santiago, sería alcalde de Lezo en 1836.

O pai de Aurelio era biscaíño, Ángel Aguirre Yrulegui, nacido en Ubidea, o 1 de marzo de 1791, fillo de Josep Aguirre Cahue e Manuel Yrulegui Díaz de Zárate. Leváballe, polo tanto, 14 anos á mai, que quedaría viúva relativamente xoven e volvería a casar con un Seixas. Deste segundo matrimonio tería un fillo tamén escritor, José Seixas Galarraga, poeta e médico rural, que escribiu un emotivo poema na honra do seu medio irmán Aurelio co gallo da súa morte, e un libro de poemas, "Horas perdidas", editado en Santiago en 1861.

O matrimonio Aguirre Galarraga posuía un comercio e vivenda na rúa do Vilar, 4, en Santiago. Formaban parte, polo tanto, do grupo de comerciantes vascos establecidos na cidade do apóstolo. Josefa Galarraga finou aos 77 anos, o 27 de novembro de 1882, na rúa San Pedro, 57. Celebrouse o funeral na igrexa de Santa María del Camino e foi enterrada no cemiterio xeral de Santiago.

Non é desaxeitado conjecturar que as nais de Manuel Murguía e Aurelio Aguirre serían amigas e manterían habituals conversas, onde a *herrimina* vasca faría acto de presenza e embazaría de bágoas as fiestras dos ollos. As dúas eran da mesma idade, con seguridade euscalduñas, con vivendas próximas en Santiago, na rúa do Vilar Josefa e na das Hortas Concha, nacidas na mesma bisbarra, pois Lezo e Oiartzun son concellos fronteiros e o *baserri* Errikoetxe está nos lindieiros entre ambos e con parellas concepcións ideolóxicas achegadas ao liberal fuerismo.

## X. As homenaxes a Concha Murguía

Para lembrar o vencello con Oiartzun de Concha Murguía Egaña, nai de Manuel Martínez Murguía, en xullo do ano 2000 este humilde servidor propuxo á Dirección de Cultura da Deputación Foral de Gipuzkoa, encabezada polo deputado D. Luis María Bandrés, e ó alcalde do Concello de Oiartzun, D. Xabier Iragorri, a celebración dunha homenaxe, que foi xenerosamente acollida.

As dúas institucións, Deputación e Concello, financiaron a edición dun libro da miña autoría, *Manuel Martínez Murguía. De estirpe vasca e berce do nacionalismo galego*, e a colocación dunha placa, en galego e éuscaro, en homenaxe a Concha, no edificio onde nacera, a Casa de Cultura do pobo, que rezaba así:

"Etxe honetan jaio zen Kontxa Murgia Egaña (1806-1854) Galiziako abetzaletasunaren ait-zindaria izango zen Manuel Martínez Murgiaren ama.

Nesta casa naceu Concha Murgia Egaña, nai de Manuel Martínez Murgia, berce do nacionalismo galego.

Gipuzkoako Foru Aldundia, Oiartzungo Udala, Irmandade de Centros Galegos de Euskadi, Asociacións Rosalía de Castro e Daniel Castelao. 2000-XI-11".

A primeira homenaxe aconteceu o día 11 de novembro do 2000, día de San Martiño, santo xacobeo e moi querido para os galegos pola súa actitude cara os pobres.

O acto consistiu nunha festa lúdico-gastronómica galega na praza da vila e a celebración da homenaxe na Casa de Cultura. Contou coa participación das devanditas autoridades, que pronunciaron os seus respectivos parrafeos, de representantes da comunidade galegoeuskadiana e de moitos veciños, que acudirían despois a goorrentar os produtos galegos. Pronunciei este discurso, que insiro deseguido por consideralo de interese para os galegos e galegas. Entendo que así coñecen o que facemos pola patria os emigrantes e pode servir de exemplo e aguillón para que os que viven nela se apliquen ao labor de soerguela.

#### EGUERDION DENORI (Bon mediodía a todos)

Un vello refrán di: "De ben nacidos é ser agradecidos". Polo tanto, desexo expresar, en nome da Comunidade Galega afincada en Euskal Herría, abandeadada pola Irmandade de Centros Galegos de Euskadi e as Asociacións Culturais Rosalía de Castro, de Barakaldo, e Daniel Castelao, de Pasaia, o noso máis fervente agradecemento ás Institucións Vascas que abandeiraron esta iniciativa co máis altruísta acollemento: A Excma. Diputación Foral de Gipuzkoa e o Exmo. Concello de Oiartzun, a primeira representada polo Deputado de Cultura, D. Luis María Bandrés, e o segundo polo seu alcalde D. Xabier Iragorri.

FESTA HONETAN GALEGOK ZOR DIOGUN ONESPENA DELA ETA, EZIN DEGU ALDE BATERA UTZI KOLDOKO IZAGIRRE GALEUSKARRAREN LANA.

KONTXA MURGUIA EGAÑA KULTUR ETXE HONETAN MILA ZORTZIREHUN DA SEIKO URTARRILLAK HOGEITA BEDERATZIAN JAIO ETA KOMPOSTELAN MILA ZORTZIREHUN DA BERROGEITAMALAEAN HILA, OIARTZUAR LEINARGIA IZAN ZEN. GARAI POLITIKOAK ZIRELA ETA MILA ZORTZIREHUN ETA HOGEITAHIRUGARREN URTEAN BERE BURUA GALIZIARUNTZ EMIGRATZEKO BEHARREAN IKUSI ZUEN. GALIZAN JOSE MARTINEZ MURGUIA BOTIKARIOAREKIN EZKONDU ETA GALIZAKO NAZIONALISMOAREN EUSKARRI DEN MANUEL MARTINEZ MURGUIA ERDITU ZUEN. MANUEL MURGUIA BERE AMAK URRUTIKO ABERRI EUSKALDUNA NOLA MAITATZEN ZUEN IKUSITA BERE ABERRIA MAITATZEN HASI ETA HORREN ONDORIOZ LEHEN KONSTRUKZIO NAZIONALERAKO TEORIA BERMATU ETA MAITATU ETA IRAINDUTAKO GALIZA DEFENDITZEN JARRAITU ZUEN BERE LUMARE-

KIN. (Non podemos silenciar nesta xeira o labor dun extraordinario galeuzcano, Koldo Izagirre, a quen os galegos lle debemos o galano do noso inmenso reconocemento. Concha Murguia Egaña foi unha ilustre oiartzuarra, nascida nesta Casa de Cultura o 29 de xaneiro de 1806 e finada en Compostela en 1854, que por mor das andainas políticas da época viuse na obriga de exiliarse ca súa familia a Galiza en 1823. Alí casou co boticario Xoán Martínez e deu a luz a Manuel Martínez Murguía, berce do nacionalismo galego. Manuel Murguía comezou a amar a súa Patria galega ao ver como a súa nai amaba a súa remota Patria vasca, construíndo a primeira teorización do nacionalismo galego e defendendo a súa benquerida e aldraxada Galiza coa espada incruenta da súa farturenta pluma).

No libro que se lles entregará ao remate do acto atoparán más cumprida información sobre os dous persoeiros.

Hoxe, Día de San Martiño, un santo xacobeo amigo dos pobres, lembramos esta efeméride murguiana e promovemos con isto a solidariedade galeuzcana de dous Pobos irmáns, agasallados polo mesmo mar e bicados polo mesmo vento.

O hospitalario Pobo Vasco, que acolleu coa ofrenda da súa man aberta no seo garimoso dos seus vales, luxuriosos no verdor e farturentos no labor, a milleiros de galegos, máis de 70.000, fuxidos da nosa patria na procura dunha vida mellor, hoxe éinxustamente vilipendiado e decote "in totum" aldraxado. Non ten máis delito que loitar por acadar a súa soberanía á que ten pleno e democrático dereito para interpretar o concerto, harmónico e polifónico, dos Pobos do mundo en solidario pé de igualdade, pois a riqueza deste planeta, chamado Terra, áchase na feraz variedade e non na aburrida uniformidade. Dende a ventá desta pequena nación pódese perfectamente admirar a fermosura do universo.

Neste intre histórico tan perigoso para a supervivencia deste Pobo os galego-euskadianos estamos na obriga de apostar, en debida e xenerosa correspondencia, polo apoio desinteresado ás propostas de diálogo e negociación, únicos instrumentos racionais para solucionar calquera conflito e para alcanzar unha paz duradeira asentada na xustiza.

EGUN HONETAN ANTSI BEZELA GERA DADIN KONTUAN HAR DEZAGUN MILA BEDERATZIREHUN ETA HOGETAMAHIRUKO AZAROAK BATEAN GALEGOZ ALDERDI GALEGISTAK EGINDAKO MANIFESTOA. HONEN BIARTEZ GOMENDATU EGITEN ZITZAIEN GALIZIAKO EMIGRANTEEI HILABETE HORREKO BOSTEAN EGIN BEHARREKO PLEBISZITOAN EUSKAL HERRIKO ESTATUTOARI BAIETZA EMAN ZIEZAIETELA.

(Acae nesta ocasión como anel ao dedo un manifesto en galego, inserido no xornal donostiarrá EL DÍA, o 1 de novembro de 1933, no que o Partido Galeguista aguilloaba os emigrantes galegos para que votasen a prol do Estatuto Vasco no plebiscito do 5 do mesmo mes).

Isto é o que dicía o devandito xornal:

"Os galegos, espallados baixo todos os ceos, fillos dunha Patria escraviza-

da que loita niste intre histórico polo preciado ben da súa libertade, temos a obriga de ser soldados xenerosos e leais da libertade de tódalas Patrias. Alí onde un Pobo loite polo soerguemento da súa persoalidade nazonal, os galegos debemos ser os seus primeiros e más esforzados paladins. Tal é a obriga de todo bon galego, en quen os alleos han de ver sempre a personificación das nosas virtudes raciais. E ista obriga é ineludibel no caso da nosa irmán Euzkadi.

Patria prócer e patriarcal como a nosa; como a nosa sortida polo esforzo rexo do campo e do mar; con unha tradición democrática grioriosa, enreixada tamén ao longo de moitos séculos, ha de ser, con Catalunya e Galiza, nesta hora de crise, a espranza dunha nova Hispania basada en principios más xustos e xenerosos de paz e concordia, posibres soio no acorde maxestuoso das nazonalidades naturais, onde a Lingua, a Raza, a Xeografía e o Traballo son vencellos eternos de fraternidade.

¡Que endexamáis os patriotas de Euzkadi teñan que decir de vos que fúchedes desleais coa hospitalidade, co traballo e co pan que con eles compartides!.

Galiza, a Nai garimosa, cuia lembranza levades nos ollos e no espírito, namentres agarda cobizada a hora da súa propia libertade, pídevos afervoadamente que axudedes a Euzkadi a conquerir a súa".

Moitos galegos que residimos en Euskal Herria non esquecemos a patria orixinaria nin as nosas raíces, pois perderíamos a nosa identidade e polo mundo non se pode andar sen ela. As pólas das árbores só poden abrirse solidariamente ao abrazo de todos os ventos, se teñen o tronco ben chantado nunha terra. Pero tamén amamos sinceramente esta patria adoptiva vasca, que, nunha miserenta concxuntura, agasallounos con pan, fogar, agarimo e traballo, e robusteceu en nós, mesmamente, o orgullo da nosa propia identidade, arredando falsos complexos de inferioridade.

Por todo isto e moito máis, que non colle nos estreitos lindeiros destas curtas verbas: ¡MILA ESKER, EUSKAL HERRIA!

Niste ano dedicado a un grande persoeiro da cultura galega, Manuel M. Murguía, intimamente vencellado ó País Vasco, xunto ca súa dona Rosalía, as institucións vascas acollerón esta iniciativa co meirande fervor, o que nos empuxa a reiterar a nosa gratitud. Por iso, estes dous sinxelos poemas de vate aficionado cantan con contida emoción, dende as cordas más cordiais do corazón, a melodía dun eterno agradecemento ó Pobo Vasco.

Co primeiro enfeitizamos a fraternidade vasco-galega, simbolizada na unión entre Aitor e Breogán e Murguía e Rosalía.

"Rexa Euskal Herria, patria de Aitor,

limpo espello de hospitalidade,  
dura loita pola propia identidade,  
teu esforzo só merece loor.

Galiza, Fisterra, nazón de Breogán,  
andoriñas de cristal na inmensidade,  
saiba, alento na procura da dignidade  
o teu intento non ficará en van.

A ricaz sementeira dos Murguía  
xerou, en estreita solidariedade,  
íntima unión coa estirpe de Rosalía.

O ártabro xistral desta irmandade  
fornecerá a completa soberanía  
de Aitor e Breogán en fraternidade.

Con este segundo soneto, os galego-euskadianos agradecemos contra vento e maré a irmandade e hospitalidade éuscara, nas lingua que utilizaron Rosalía e Castelao, Sebastián de Mendiburu, Manuel Lekuona, Juan Mari Lekuona e Concha Murguía.

Turxentes vales, verdor de luxuria,  
rítmico fragor de mestos tochos,  
prados de ovellas, ladeiras de mochos,  
sen queixas nin xemidos de penuria.

Dura loita pola propia identidade,  
longa noite, carballo, dura pedra,  
na memoria gabeadora hedra  
admiración suscitou a túa personalidade.

Os galego-euskadianos en proclamas,  
bandeiras de irmandade, chamas ó vento,  
a pesares de apelidos e soflamas.

Separarnos do amor é van intento,  
o agradecemento non é o xogo das damas,  
senón un nobre e humano sentimento.

OZTOPOAK OZTOPO, BIGARREN SONETO HONEKIN GAILEGO-EUSKADIANOAK ESKERRAK EMATEN DIZKIOGU EUSKALHERRIKO ABEGIKORTASUNARI ROSALIA DE CASTRO ETA CASTELAO, SEBASTIAN DE

MENDIBURU, MANUEL LEKUONA, JUAN MARI LEKUONA ETA CONCHA MURGUIAK ERABILI ZUTEN HIZKUNTZ BEREAN.

"Berdezko xarma ibar harroetan  
burdinak ingudean jauzi,  
ardi-larre, pago inausi,  
aienerik ez haize-erroetan.

Inor izateko asmo ondratuan,  
gau luze, haritz, harri lakan  
zure izateak ohorea dakar  
oroimenaren ontza goratuan.

Euskalegoak du egiten aldarri,  
lau haizetan, anairasun-bandera:  
jatorriak ez dira mugarri.

Eta maitasun hau ukaraztera  
inor ez dadila gure artean jarri:  
esker onez gatoz gizalegera".  
(Izulpena: Koldo Izagirre)

GORA EUSKAL HERRIA!  
VIVA GALIZA.!

Dende o 2000 todos os anos celebramos a finais da xaneiro ou comezos de febreiro, coincidindo coa data do nacemento de Concha Murguía, esta efeméride que vencella vascos e galegos nun afán común: a procura da fraternidade entre dúas patrias irmás.

## XI. Conclusións

A familia vasca de Manuel Murguía pertencia, tanto pola banda materna como paterna, a unha estirpe de poderosos e acomodados jauchos guipuzcoanos, mais a unha sóla vida a menos, áinda que con un nivel cultural superior á media da época.

Dende a perspectiva ideolóxica formaba parte da xeral concepción de defensa dos fueros, xa fora nun senso puro como na derivación fuerista liberal, o que doaba a familia un sentimento de identificación coa Terra natal e a súa perda inducía a correspondente saudade, herrimina en éuscaro. É de supoñer que Concha Murguía soñaría con néboa nostálxica moitas veces co verdor luxurioso do seu val natal e cos xogos infantís da praza do Santo Estevo de Oiartzun.

A nai de Murguía non levou unha vida feliz. Tivo que marchar da súa patria, ficou grávida de solteira e viviu anos dabondo separada do marido e arredada dos seus fillos aos que amaba, e eles correspondíanlle.

Malia esas desgrazas vitais, Concha deixou fonda pegada en Manuel Murguía, que viviu o sentimento de amor e saudade da Terra no seo materno e na súa infancia e, como el mesmo recoñece, esa cosmovisión existencial empurroulo a tarefa de loita pola patria galega.

## XII. Ilustración fotográfica



Casa de Cultura de Oiartzun onde naceu Concha Murguía, 29-1-1806



Casa onde morreu Concha Murguía Egaña, 13-xullo-1854, Rúa das Hortas, Santiago de Compostela



Placa dedicada a Concha Murguía, Casa de Cultura, Oiartzun (11-11-2000)



Recital-Homenaxe Galeuzca a Concha Murguía, 1-2-2019, Salón de plenos. Concello de Oiartzun.

# BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ÁLVAREZ, Luis: Comercio colonial y crisis del Antiguo Régimen en Galicia (1778-1818). Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia, O Castro-Sada, A Coruña, 1986.
- ALONSO MONTERO, X. (ed.): Política y sociedad en Galicia. Madrid, Akal, 1974.
- BAGÜÉS,ERRIONDO, Jon: La organistía en Rentería en los siglos XVII y XIX. Erreenteria Musikala, 1991.
- BARREIRO FERNANDEZ, X.R., AXEITOS, X. L.:Manuel Murguía.1833-1923. Unha Fotobiografía. Vigo, Xerais, 2000.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón: Murguía. Galaxia, Vigo, 2012.
- BEHOVIDE, Álvaro: Diario Vasco, 25-agosto-1991.
- CAJAL VALERO, Arturo: Paz y fueros. El Conde de Villafuertes. Guipúzcoa entre la Constitución de Cádiz y el Convenio de Vergara (1813-1839). Madrid, Biblioteca Nueva, 2002.
- CHACÓN DELGADO, Pedro José: "Manuel José de Zavala y Acedo, III Conde de Villafuertes», en Nobleza con libertad: biografía de la derecha vasca, Bilbao, Atxular Atea, 2015, pp. 79-84.
- DURÁN, J.A.: Prosas recuperadas. O periodismo de Manuel Murguía. Antoloxía básica, 1853-1923. Real Academia Galega / Fundación Caixa Galicia. J.A.Durán (ed.) 1998.
- ELÓSEGUI, Pedro: Apuntes manuscritos inéditos sobre la Historia de Tolosa, extraídos del Archivo Municipal de Tolosa.
- ESTÉVEZ, X. : Manuel Martínez Murguía. De estirpe vasca e berce do nacionalismo galego. Ed. Oiartzungo Udal Euskara Batzordea-Gipuzkoako Foru Aldundia, 2000.
- GAYTÁN DE AYALA ATÁZCOZ, Antonio: Revista Internacional de los Estudios Vascos = Revue Internationale des Études Basques. Eusko Ikaskuntza, París, 1934.
- GONZALEZ BERAMENDI, X: Manuel Murguía. Santiago, Xunta de Galicia, 1998.
- MONTERROSO DEVESA, J. M<sup>a</sup>. e VIDAL, F. A.: "Em torno ao nascimento de M. Murguia"; AGALIA, nº 47, 1996, pp. 343-350.
- LEKUONA, Manuel: Del Oyarzun Antiguo. San Sebastián: Publ. Excma. Diputación Prov. de Guipúzcoa. 1959 .
- LLANOS ARAMBURU, Félix: El Trienio Liberal en Guipúzcoa, 1820-1823: antecedentes de las guerra carlistas en el País Vasco. Facultad de Filosofía y Letras, Universidad de Deusto, Campus de Donostia-San Sebastián, 1998.
- MARTÍNEZ BARREIRO, Enrique: La Coruña y el comercio colonial gallego en el Siglo XVI-II. Ediciós do Castro, Sada-A Coruña, 1981.

- MEIJIDE PARDO, Antonio: El puerto de La Coruña en el siglo XVIII. La Voz de Galicia, Biblioteca Nueva, La Coruña, 1984.
- MONTERROSO DEVESA, J. Mª.: "Do avoengo intelectual de Manuel Murguia". AGALIA, nº 52, Inverno 1997, pp. 467-470.
- MUGARTEGUI EGUÍA, Isabel: Hacienda y fiscalidad en Guipúzcoa durante el Antiguo Régimen, 1700-1814. San Sebastián. Fundación Cultural Caja de Guipúzcoa = Gipuzkoako Kutxa Kultur Fundazioa, 1990.
- NAYA PEREZ, J.: Estudios acerca de la familia Murguia-Castro. Diputación Provincial de A Coruña, 1998.
- OTAEGUI ARIZMENDI, Arantxa: Guerra y crisis de la hacienda local: las ventas de bienes comunales y de propios en Guipúzcoa, 1764-1814. San Sebastián. Diputación Foral de Guipúzcoa, 1991.
- MAIZ, R.: O pensamento político de Murguía. Vigo, Xerais (col. Peto), 1999.
- MARIÑO BOBILLO, Consuelo: La Coruña bajo el reinado de Fernando VII. La burguesía comercial. Librería Arenas, La Coruña, 2009.
- QUEREJETA, I.: "Músicos guipuzcoanos. Los Murguía"; Euskalerriaren Alde 23 (1913), pp. 639-641.
- QUIÑONES, Mª Angeles M.: Joaquín Tadeo de Murguía (1756-1836), organista de la catedral de Málaga. Málaga. Universidad de Málaga, 1987.
- RABUNHAL, H.: Manuel Martínez Murguía. Santiago, Laiovento, 1999.
- RISCO, V.: Manuel Murguía. Vigo, Galaxia, 1976.
- SÁNCHEZ GARCÍA, José Ángel: "Comerciantes y arquitectura en la Coruña dieciochesca: el proceso constructor de las "Casas de Paredes"; SEMATA, Ciencias Sociales y Humanidades, 2000, vol. 12, pp. 177-239.
- URTEAGA, Gracián María: Relación de la campaña que en 1823 hicieron los voluntarios nacionales de Guipúzcoa. Imprenta de Ignacio Ramón Baroja, San Sebastián, 1836.
- VV. AA.: Volver a Murguía. Vigo, A NOSA TERRA, 1998.

## Arquivos:

- ARCHIVO MUNICIPAL DE TOLOSA
- ARCHIVO DE LA CASA ZAVALA, SAN SEBASTIAN.
- ARCHIVO MUNICIPAL DE OIARTZUN.
- ARCHIVO HISTORICO DIOCESANO DE GIPUZKOA

Publicamos este sexto número de *Follas Novas*  
grazas ao patrocinio do Concello de Arteixo

# Arteixo



CASA DE ROSALÍA

A Matanza  
15917 Padrón  
+34 981 811 204

[www.rosalia.gal](http://www.rosalia.gal)

FUNDACIÓN  
ROSALÍA DE CASTRO